- Promova métodos con enfoque integrador (globalizados e interdisciplinarios) que permitan que o grupo planifique e organice as tarefas conxuntamente, que todos os rapaces e todas as rapazas poidan implicarse activamente en función dos seus intereses e da diversidade, que o alumnado se enfrente a problemas verdadeiros e a temas reais e cotiáns; que ofrezan ocasións para controlar o proceso, valorar os logros, medrar na aprendizaxe partindo do que sabe; que permitan manexarse con éxito ante a información e que estimulen a practica reflexiva e crítica.

Así pois, cando falamos de metodoloxía na lingua estranxeira:

Non debemos perder de vista que o obxectivo fundamental nesta área é o desenvolvemento da competencia

comunicativa lingüística do alumnado que achegará as ferramentas e os coñecementos necesarios para que os nenos e as nenas poidan desenvolverse satisfactoriamente nas interaccións individuais e sociais cotiás propias da súa idade. O papel do profesor-a será o de guía do alumnado para potenciar o manexo efectivo da lingua para unha comunicación eficaz.

A lingua que achega aspectos metalingüísticos e instrumentais fundamentais para acceder aos textos literarios e para crealos debe ir á par coa abordaxe da Literatura que debe constituír tanto un instrumento de aprendizaxe como unha fonte de gozo e de creatividade xa que incita á fantasía, á evocación de mundos posibles, á reacción e á reflexión crítica.

Deseñaranse actividades que potencien a competencia comunicativa e lingüística de forma que o alumnado sexa capaz de interactuar en todos os ámbitos sociais nos que participan. O uso social da lingua en contextos familiares, privados, públicos e escolares, deben de ser o fío condutor dos contidos da área.

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Para acadar unha competencia comunicativa no ensino do inglés como segunda lingua utilizamos na nosa programación unha metodoloxía aberta e flexible o que nos permite cubrir as necesidades dos alumnos dependendo do seu punto de partida, habilidades, intereses, experiencias e actitudes.

Xunto con todos os recursos nomeados anteriormente aplicaremos, na medida do posible, o repaso paulatino da materia non acadada o curso anterior mediante conversacións sinxelas na aula, xogos simples e fichas individuais nos que usar vocabulario e mais gramática pertencente a leccións anteriores non traballadas.

En ambos casos teremos en conta a seguinte secuenciación de traballo, que inclúe os seguintes aspectos:

- Motivación:

Actividade de exploración de ideas e coñecementos previos.

Formulación de cuestións que favorezan o conflito cognitivo.

Presentación da actividade con esquemas, gráficos, textos, fotos, etc.

Información do profesor/a:

Información básica para todo o alumnado.

Información complementaria para reforzo e apoio.

Información complementaria para aprofundamento e ampliación.

- Traballo persoal:

Lectura e comprensión de textos.

Análise de documentos.

Resposta a preguntas.

Resolución de dúbidas.

Comentario de documentos, textos, imaxes, etc.

Lectura comprensiva.

- Avaliación:

Análise de producións: Activity book, traballos, comentarios, fichas, etc.

Exposicións orais.

Probas escritas.

Traballos individuais.

Observación do traballo na aula.

É necesario ter en conta unha ampla gama de técnicas que serán usadas para acadar a comunicación seguindo un enfoque comunicativo. Algunhas delas son:

Xogos de linguaxe: Este tipo de actividades teñen moitas vantaxes dende o punto de vista cognitivo, afectivo e lingüístico. O uso dos xogos, sobre todo nesta etapa, anima o uso das catro habilidades lingüísticas sen esquecer que as receptivas son antepostas ás produtivas. Os nenos séntense motivados para participar en situacións comunicativas utilizando na medida do posible a lingua estranxeira.

Diálogos: O uso de intercambios orais, por moi sinxelos que sexan para acadar unha conclusión final, axuda á adquisición da competencia comunicativa. Os alumnos deberán negociar para acadar un acordo final desenrolando deste xeito as súas habilidades para a toma de decisións na vida real.

Dramatizacións: Potencian a autonomía dos nenos sen ser o uso da lingua estranxeira obrigatorio.

Importancia do Total Physical Response, dar resposta física a instrucións orais (sobre todo nos cursos máis baixos).

Actividades baseadas en proxectos: Fomentando deste xeito as habilidades de cooperación e socialización para compartir cos seus compañeiros coñecementos, experiencias, opinións e ideas. Evidentemente os proxectos son sinxelos, non están planeados para todo o curso.

A seguinte listaxe recolle as liñas de actuación do apartado Orientacións Pedagóxicas do Decreto de Primaria de Lingua Estranxeira aplicables a sexto de primaria. Segundo elas, a metodoloxía levaranos a:

- Buscar un enfoque orientado á acción, creando situacións continuas de comunicación con e entre o grupo: TPR, seguir instrucións, preguntar e responder para dar/obter información en interaccións cotiás habituais, desenvolver xogos....

- Partir sempre das aprendizaxes previas do grupo de alumnado co que traballamos.
- Realizar proxectos significativos adaptados ao nivel educativo.
- Diseñar actividades de aprendizaxe de acceso universal (DUA) para atender mellor á diversidade do alumnado o que axudará a darlle unha atención individualizada.
- Poñer énfase na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto se detecten.
- Buscar a identificación persoa-lingua, o que implica axudar ao alumnado a asociar de xeito automático a mestra/e coa lingua que ensina .
- Impulsar situacións de interacción, de comunicación oral entre o alumnado de todos os niveis: en parellas, pequenos grupos ou grupo /aula, en situacións reais ou supostas (encher cadros de datos sobre o outro/a; competición entre grupos de pregunta - resposta; descubrir datos reais ou supostos sobre os demais a través de xogos coma Adiviña quen é?; dramatizacións de diálogos en situacións reais ou imaxinarias;etc.). Neste ámbito da comunicación oral, a introdución do xogo en diferentes formatos, soportes e modalidades preséntase coma un elemento necesario e fundamental para a adquisición da lingua en calquera nivel da etapa de Primaria: xogos de tarxetas tales coma xogos de memoria, adiviñar a tarxeta tapada, describir a tarxeta escollida; xogos de taboleiro temáticos, nos que os xogadores e xogadoras teñen que verbalizar todo o que se nos ocorra relacionado co desenvolvemento do mesmo: número do dado, do cadro, a imaxe ou palabra dese cadro, ler unha pregunta escrita no cadro no que se está, contestar a unha pregunta, e todas aquelas propostas que podan encaixar no marco do xogo de taboleiro e cumpra cos obxectivos de utilizar vocabulario e expresións na lingua estranxeira, proporcionar diversión e concentración aos participantes no mesmo e incorporar a todo o alumnado sen importar as súas habilidades e/ou capacidades. Incluímos aquí tamén os xogos lingüísticos, coma o mimo, e calquera outro que sirva para acadar obxectivos e competencias ao longo de toda a etapa de Primaria.
- Empregar tecnoloxías dixitais: proxección de vídeos,xogos interactivos online,videoclips de cancións e tamén o uso da radio escolar para emitir e gravar cuñas publicitarias e mensaxes,realizar podcasts de duración curta, anuncios en vídeo sobre eventos a realizar no propio centro ou a contorna, e actividades similares. Todas elas son adaptables a diferentes niveis de aprendizaxe da lingua e van permitir a interacción entre alumnado diverso.
- Alternar, para introducir a lectura en lingua estranxeira e a escoita, o uso de ferramentas dixitais (historias publicadas en plataformas de difusión dixital, ilustradas e narradas por persoas de fala inglesa e acentos diferentes) coa lectura por parte do profesorado de libros adaptados a esta idade.
- Utilizar fragmentos audiovisuais de documentais, anuncios publicitarios, curtas en vídeo, ... adecuados a este nivel para a práctica da comprensión oral. Este tipode actividade permitiralles a nenos e nenas acceder a información e imaxes relacionadas con outras materias do currículo, e a temas transversais tales coma a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual; a igualdade de xénero, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable.
- Dotar aos nenos e nenas dunha ferramenta máis para a comunicación: a lingua estranxeira. Esta ferramenta, igual cás outras linguas das que dispoña, permitiralles expresar o que queren en cada momento, dende as súas necesidades básicas ("non me atopo ben", "quero ir ao baño"), ata relacionarse nos xogos ("tócame a min", "gañei!") e entender as necesidades dos/as demais.
- Aproveitar todas as situacións que o ámbito escolar ofrece para introducir a lingua estranxeira en substitución das maternas do alumnado, propoñendo e creando situacións relacionadas coa realidade na que este vive, para que teña sentido e significado pleno a lingua que use e, ao mesmo tempo, ofrecerlle a posibilidade de achegarse a outras realidades grazas a ela, a través do mundo dixital.
- Utilizar materiais visuais e variados, coma libros ilustrados, revistas, periódicos, tarxetas con imaxes do vocabulario das unidades didácticas, páxinas web, presentacións dixitais e vídeos curtos para a adquisición de estratexias de autoaprendizaxe entre as que están a utilización de técnicas coma impulsar repasos frecuentes entre os nenos e nenas, os xogos lingüísticos, a escoita de cancións e o visionado de películas e vídeos nesa lingua.
- Priorizar a linguaxe corporal, os xestos, a mímica e soportes visuais para facerse entender o mestre/a cos nenos e nenas, e deste xeito practicar e aprender eles mesmos estas estratexias fronte á tradución.
- Poñer en práctica a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o das linguas cooficiais, necesaria para evitar a repetición de contidos . O achegamento do alumnado á lingua estranxeira prodúcese xeralmente partindo da lingua materna e das ambientais, polo que é esencial o tratamento integrado de todas as linguas e a colaboración entre todo o profesorado que as imparte.
- Asentar e afianzar, así mesmo, a coordinación entre o profesorado de linguas estranxeiras e o que imparte outras áreas nesa lingua, necesaria no actual contexto de centros docentes plurilingües e seccións bilingües.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
1- Páxinas web de xogos online
2- Historias e contos publicados na rede
3- Xogos de mesa
4- Xogos físicos
5- Libros de lectura
6- Posters e murais
7- Ferramentas de elaboración de materiais
8- Encerado dixital interactivo - smart board
9 - Uso dos medios audiovisuais con que conte a escola
10- Realía e recursos que nos ofrece a contorna escolar.
11- Vídeos.
12. Cancións e rimas.
13- Actividades DUA.

Os alumnos son participantes activos en todas as actividades. O material utilizado é tamén flexible (atendendo así á diversidade) como o viña sendo ata o de agora. Esta é a relación dos diversos materiais e recursos didácticos para abordar a área de Lingua Estranxeira: Inglés. Utilizaremos:

- Material visual: libros de texto: E-dixgal, co libro de Ala Planeta, fotocopias, flashcards, pósters, recortables...

- Material auditivo: Cds con cancións do método e outros.

Material audiovisual: DVDs, pizarra dixital e CD-Rom que potenciará o uso das novas tecnoloxías integrando os nenos nas novas tecnoloxías.

- Xogos en páxinas da Internet adaptados ao nivel educativo do alumnado.

Ate o de agora o uso deses CD-Rom e dos xogos en liña facíase na aula de informática, pero este ano farase na aula, por turnos, saíndo de cada vez un por un os alumnos e limpando o rato ou o lápiz da pizarra dixital, se é o caso, cando saian na súa quenda.

Ademais de todo isto contamos con recursos xerais do día a día e a linguaxe corporal (xestos, mímica...) moi importante para axudar ao alumnado a seguir o desenrolo das unidades e tamén para facer unha variación dentro da rutina normal da clase.

As estratexias máis importantes para a comprensión lectora son:

Práctica da escoita atenta para aprender a discriminar sons e inferir significados e desenvolver destrezas de comprensión.

Asociación e identificación de palabras e mensaxes vinculados a situacións comunicativas cotiás e do vocabulario e estruturas de cada unidade a través de imaxes.

Outros exemplos son:

1- Páxinas web de xogos online:

British council: <https://learnenglishkids.britishcouncil.org/>

Games to learn English: <https://www.eslgamesplus.com/fun-games/>

<https://www.eslgamesplus.com/clothes-and-colors-esl-vocabulary-esl-crocodile-board-game/>

Types of games:

- Memory
- Drag it.
- Simon says
- Match it.
- Guess it.
- Whats missing?

2- Historias e contos publicados na rede:

"The selfish giant": <https://youtu.be/M8MFW2qG79s>.

3 - Xogos de mesa (sempre relacionadas co vocabulario e expresións de uso frecuente xa traballados e coñecidos polo alumnado)

+ De tarxetas: imaxe-imaxe; imaxe - palabra; palabra - palabra, preguntas:

- \* adiviñar a tarxeta;
- \* memory game;
- \* facer parellas

+ De taboleiro: con imaxes; con imaxes e palabras; con imaxes e instrucións; con preguntas que hai que contestar:

- Snakes and ladders.
- Noughts and crosses.
- Trivial.
- Scrabble.

+ Dominós relacionados cos diferentes temas que vaiamos traballando ao longo do curso.

4 - Xogos físicos: hai moitos xogos aos que xogan nenos e nenas na lingua propia que son perfectamente aproveitables para practicar a LE e incorporala á comunicación automática. Pódense citar aquí:

- + xogos de pelota nos que cada xogador di unha palabra, ou unha frase; ou fai unha pregunta que debe contestar quen recibe a pelota,
- + xogos de rol,
- + xogos coma o do pano e os números, no que se pode variar perfectamente os números cos que xogan cada vez, ou introducir a variante de usar palabras dun campo semántico determinado no canto de números,
- + xogos de localización e movemento no espazo.

5- Libros de lectura, principalmente contos pero tamén poesía: é importante contar con libros que os nenos e nenas podan manipular e cos que se poda facer traballo de lectura e explotación de vocabulario e expresións de uso frecuente. Recomendamos libros publicados por editoriais dos países da LE que estamos traballando, destinados a nenos e nenas desta idade e máis novos.

6- Posters e murais: nas dúas posibilidades que nos brindan: a elaboración propia en aula por parte do alumnado; e

os posters de vocabulario que compramos e nos permiten unha ampla variedade de actividades de comunicación entre o alumnado.

7- Ferramentas dixitais de elaboración de materiais: poden ser usadas polo propio alumnado baixo supervisión e guía da mestra-e.

Por exemplo:

- + Ferramentas que nos ofrece a propia Consellería de Educación nas aulas virtuais
- + Genially: <https://genial.ly/why-genially>
- + Canva: [https://www.canva.com/es\\_419/](https://www.canva.com/es_419/)
- + Ferramentas que nos ofrece Google para a escola

8- Encerado dixital interactivo - smart board

Son moitas as posibilidades que nos ofrece o seu uso en aula, dende actividades específicas para este medio ata o seu uso cos recursos da internet; o simple feito de poder actuar dese xeito coa pantalla diante de todo o grupo - clase xa é motivador, a partir daí todo son posibilidades.

9 - Uso dos medios audiovisuais cos que conte a escola: radio, vídeo, tanto para a produción coma para un posterior uso na escoita e comprensión.

10-Realia e recursos que nos ofrece a contorna escolar. Resulta de moita utilidade o uso de obxectos reais e recursos axeitados ao tema que nos interese en cada momento e que nos proporcione a contorna escolar, o vecindario no que esta se ubica e calquera procedente das experiencias educativas do alumnado ao longo do curso: excursións, visitas culturais, etc.

11- Vídeos de plataformas coma Vevo e YouTube: pequenos fragmentos de películas coñecidas polo alumnado, vídeo-clips de cancións que nenos e nenas coñecen e dos que poden aprender e cantar fragmentos, pequenos fragmentos de documentais sobre animais, natureza, tours por cidades e temas transversais tales coma cuestións sociais, dereitos de nenos e nenas e os ODS.

12-Permítennos utilizar a linguaxe dunha forma lúdica que resulta motivadora a todos os niveis.

13-Actividades que faciliten a participación de todo o alumnado dentro da súa diversidade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O profesorado debe explicar neste apartado cal ou cales son os instrumentos que utilizará para levar a cabo a avaliación inicial. Non difire moito do que vimos utilizando ata agora.

Farase ao principio do curso unha avaliación de diagnose coñecer o nivel competencial do alumnado:pronunciación, escoita e comprensión oral,fluidez na expresión verbal e calquer outro aspecto que os permita valorar o punto de partida de cada neno/a.

Neste proceso podense recoller evidencias tales coma gravacións de audio ou video individuais,de interacción en parella ou gran grupo reflexando os resultados nas correspondentes táboas de valoración.

O mesmo se fará coa observación directa por parte do profesorado rexistrando os datos nunha táboa de valoración específica.

Esta información gardarase e terase presente ao longo do curso para ir valorando o avance de cada neno e nena.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

### Crterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas e os obxectivos fixados.

No primeiro trimestre, especialmente nos primeiros días, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo. Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas. A asignatura dividirase en temas ou unidades didácticas que se repartirán ao longo das tres avaliacións. Os procedementos serán variados (orais, escritos, observación directa e sistemática...) para facilitar a información do progreso nesta área e as competencias básicas, utilizando os seguintes instrumentos:

- Rexistro e control do alumnado
- Probas orais e escritas
- Revisión de cadernos e traballos realizados polos alumnos/as.

Valoramos:

- A realización dos exercicios diarios na clase
- A realización das tarefas de casa
- O seu interese
- O esforzo
- A resposta das preguntas diarias orais da clase
- A realización das probas escritas e orais

Salvo circunstancias excepcionais realizarase un control cada unidade ou dúas dependendo do grao de dificultade dos contidos traballados. As probas serán globais.

Valoraranse con estes ítems.

- 1- 4: Insuficiente
- 5: Suficiente
- 6: Ben
- 7 - 8: Notable
- 9 -10: Sobresaliente

Os aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información son:

Busca de información

Presentación

Exposición Oral (tamén na docencia non presencial, se é posible)

Caderno de clase

Traballos de aula

Respecto polas normas, polo material e polos compañeiros.

Debido a excepcional situación vivida hai dous cursos trataremos de ser o máis flexibles posible á hora de avaliar certos aspectos do coñecemento dos alumnos, tratando sempre de facilitar a materia e de simplificar o máximo posible as leccións na aula, todo elo acompañado polo feito de tratar de que estean afeitos ao tipo de exame que se fará na clase. O valor de cada unha das partes de toda a actividade educativa é como segue:

- Controis orais e escritos : 80%. No que se valorará:
  - A aprendizaxe dos contidos.
  - Valoración dos procesos seguidos e resultados.
  - Coherencia e adecuación.
  - Valoración tempo investido/tempo necesario para resolver unha actividade.
  - Orde, limpeza e estrutura do traballo presentado.
  - Caligrafía lexible.



- Destrezas.

Precisarase unha nota mínima de 5 puntos no exame avaliado sobre 10 para poder aprobar a avaliación.

•Traballo en clase: Tarefas orais e escritas e participación en actividades comunicativas de produción oral e comprensión: 10%. Valorarase:

- Grao de adquisición de aprendizaxes básicas.

- Orde e limpeza na presentación.

- Caligrafía.

- Destrezas.

- Nivel e calidade das intervencións.

- Mensaxe estruturada.

- Uso de vocabulario e estruturas gramaticais apropiadas.

•Actitude: 10%. Valorarase:

- Comportamento.

-Esfuerzo por mellorar.

- Interese por aprender, motivación.

- Creatividade.

- Iniciativa.

- Estudio diario e a realización propia dos exercicios propostos.

- Respecto ao mestre e aos compañeiros/as.

Dado que esta é unha programación modelo, consideramos que só debemos aportar o seguinte: Os criterios de cualificación establécenos cada mestre/a utilizando : Procedementos e evidencias : observación sistemática, posta en común, presentacións, gravacións en audio e video, representacións tipo role play, teatrais, análise de portfolios e outros.

Instrumentos: táboas de indicadores, que serán diferentes segundo as evidencias que se queiran analizar, e probas escritas tales coma exames, tests, murais e presentacións elaboradas polo alumnado nos que se use a lingua escrita. As táboas de indicadores recollerán criterios e graos de consecución acordes coa evidencia que queiramos valorar.

Dado o carácter cíclico no traballo coa lingua estranxeira a adquisición da mesma é progresiva polo que no inicio do curso o alumnado terá menor fluidez, menos bagaxe de léxico e menos seguridade e confianza no uso da lingua e das ferramentas, técnicas e estratexias de auto-aprendizaxe en consecuencia terémolo en conta á hora de valorar as evidencias que recollamos e de decidir a cualificación para cada alumno/a.

Para obter a cualificación na avaliación continua ao longo do curso teremos en conta o rexistrado nas táboas de indicadores que imos utilizando en cada UD, prestando especial atención aos avances que teña experimentado cada neno e nena dende o momento da avaliación inicial e/ou anterior.

Para construír a cualificación final elaboraremos táboas de indicadores específicos que analizarán todos os CA do nivel; prestaremos atención especial e valoraremos, principalmente, a evolución experimentada por cada neno e nena dende o comezo do curso escolar, o nivel de consecución de cada obxectivo e a adquisición das competencias nese remate do curso.

### **Criterios de recuperación:**

Dada a característica progresiva da materia, o alumnado irá recuperando aqueles aspectos non superados no seu momento coas novas tarefas do curso.

Cada mestra/e decidirá o procedemento a seguir para que o alumnado que non avance ao ritmo da maioría do seu grupo poida superar as súas dificultades do mellor xeito posible. Apoios e reforzos educativos, serán as medidas idóneas a adoptar.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

A atención á diversidade pode considerarse como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Por todo isto, é fundamental o coñecemento do grupo e unha axeitada acción por parte do profesorado.

Potenciaranse tamén todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguirlas que o alumnado con NEAE poida acaecer a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades. As medidas educativas destinadas á tal fin



concrétanse no Plan de Atención á Diversidade do centro.

Para favorecer a relación entre o alumnado e a cohesión do grupo levaranse a cabo na primeira semana de curso diversas dinámicas para coñecerse e para interiorizar as normas de aula e de centro. Un segundo elemento clave será a avaliación inicial que contemplará non só o desempeño dos alumnos senón tamén a análise do clima de aula e das relacións que se establecen entre o alumnado. As entrevistas grupais e individuais coas familias completarán o coñecemento do alumnado. Deste coñecemento global arranxa a atención á diversidade permitindo adaptar a educación aos diferentes alumnos da aula.

Medidas ordinarias

Todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de Avaliación ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas para o nivel.

Potenciaranse metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais e aprendizaxe por proxectos pola súa potencialidade para promover a inclusión.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, nos elementos de acceso ao currículo. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou se estas resultan insuficientes.

Os compoñentes da programación serán traballados dende un nivel básico ata un máis avanzado incluíndo actividades de reforzo e ampliación. Para coñecer o punto de partida dos alumnos faránse preguntas e respostas orais na fase de introdución de cada unidade para saber o coñecemento previo dos alumnos.

Preséntanse tamén actividades e tarefas que enchen os seus intereses e experiencias sociais así como temas variados con aspectos socioculturais diversos con menor ou maior dificultade que (as usadas de maneira ordinaria na aula, segundo) sexan as capacidades do alumnado ao que van dirixidas.

a organización (da aula será tamén variada para a realización de tarefas, así como o material.

Na avaliación terase en conta o progreso de cada alumno, as súas dificultades e o coñecemento previo, sendo esta formativa e continua ao longo de todas as unidades.

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares. Entre as medidas que se adopten poderán considerarse o apoio no grupo ordinario, os agrupamentos flexibles ou as adaptacións do currículo.

A nosa programación ten en conta os diversos niveis de aprendizaxe dos alumnos/as. Non todos os nenos/as aprenden do mesmo xeito e ao mesmo ritmo. Por iso, cada actividade pode ser tratada con distinto nivel de profundidade e apoiada en materiais diversos que permitan adaptarse ás características de todo o alumnado e os diferentes ritmos de aprendizaxe.

Debemos facer propostas para atender ao alumnado real que teñamos no grupo, coas características que presenten. A modo de exemplo citamos as seguintes:

\* Fast finisher activities:

- Teranse preparadas follas de actividades para aqueles alumnos-as que acaban as tarefas máis rápido; por exemplo con wordsearch, crosswords, scrabble, out of order de letras ou palabras. ..., sempre relacionadas co léxico dos diferentes temas nos que esteamos centrados en cada momento.

- Pediráselles que axuden a outros alumnos coas súas actividades (función de mediación lingüística).

- Os nenos e nenas que rematen poderán comparar, repasar e practicar lectura do traballo feito con outros-as que tamén vaian rematando.

- Asignaráselles variacións das actividades xa realizadas.

- Terán á súa disposición xogos de tarxetas (palabra-palabra, palabra - imaxe, imaxe - imaxe), de taboleiro e outros, relacionados co tema de traballo.

- Disporán do uso de ordenador para afondar no tema no que se está a traballar: busca de máis información, imaxes, cancións, vídeos curtos e similares.

\* Nenos e nenas con dificultades de aprendizaxe:

- Inclúílos en actividades colectivas, de grupo, no que teñan o seu propio rol, adaptado ás súas capacidades e circunstancias.

\* Nenos e nenas con trastornos de conduta: buscar a coordinación co equipo de profesorado e a orientadora do centro, de tal xeito que podamos incluílo nas actividades da aula.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Igualdade entre mulleres e homes				X		X	
ET.2 - Os dereitos da Infancia		X			X		
ET.3 - A resolución pacífica de conflitos	X			X			

#### Observacións:

Nesta programación-guía só seleccionamos estes pero teñamos en conta que os elementos transversais xa están seleccionados nun artigo do Decreto polo que se establece a ordenación e o currículo da Educación Primaria en Galicia. Corresponde ó profesorado escoller e relacionalos ou non coas UD da área; ademais, algúns elementos transversais terán máis peso nunhas unidades ca noutras.

Por outro lado, cada centro educativo ou mestra/e escollerá o tema ou temas a tratar e o momento máis axeitado ao longo do curso pero tamén pode ocorrer que un tema non previsto sexa importante abordalo nun momento dado por unha cuestión de actualidade.

Na área de LE cómpre aproveitar o momento no que un tema transversal sexa abordado na aula pola mestra/e titora sendo, pois, necesaria a coordinación tanto para escoller o contido coma decidir a maneira de tratalo co grupo.

### 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas	Aproveitaranse nas aulas de LE, as saídas para actividades de aprendizaxe.		X	
Visitas ao centro.	Grupos de teatro, contacontos, profesionais de distintos sectores....	X		
Conmemoracións da escola.	Samaín.magosto, nadal, entroido, maios, 8-M, dereitos da infancia....	X	X	X
Conmemoracións específicas relacionadas coa LE.	Halloween, Guy Fawkes, Christmas, Saint Patrick, Thanksgiving....	X	X	

#### Observacións:

A Orde do 20 de xuño de 2019 (DOG do 28 de xuño) que establece o calendario escolar e fixa as conmemoracións de obrigada celebración nos centros e que se relacionan a continuación:

- 20 de novembro de 2019: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2019: Día Internacional contra a Violencia de Xeñero.
- Do 2 ao 10 de decembro de 2019: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2019: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2019: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 30 de xaneiro de 2020: Día escolar da non Violencia e da Paz.
- 8 de marzo de 2020: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2020: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Do 9 ao 13 de marzo de 2020: Semana da Prensa.
- 7 de abril de 2020: Día Mundial da Saúde.
- Entre o 20 e o 24 de abril de 2020: Semana do libro.
- 2 de maio de 2020: Día internacional contrao Acoso Escolar
- 9 de maio de 2020: Día de Europa.
- Do 11 ao 15 de maio de 2020: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2020: Día Mundial do Medio Ambiente.

Así mesmo as actividades complementarias aparecen recollidas na Programación Xeral Anual do centro e son, entre outras:

- Saídas didácticas relacionadas co proxecto didáctico integrado que se desenvolve dentro do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE).
- Actividades de animación á lectura organizadas pola encargada da biblioteca.
- Saída ao teatro e ao cine dentro das actividades programadas polo EDLG.

Lamentablemente este curso todas esas conmemoracións, que as veces úsanse para a xuntanza de todos os alumnos do centro, quedan pendentes mentres esteamos a espera do avance da situación no noso entorno. O mesmo ocorre coas actividades extraescolares, suspendidas ata novo aviso.

O aproveitamento destas actividades na aula de LE pide un traballo previo de investigación do alumnado co seu titor, e a coordinación entre os dous mestres. Non se trata de facer unidades didácticas de cada tema, senón de aproveitar o traballo feito na aula para ampliar vocabulario e expresións en LE.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Foi axeitada a temporalización programada nas distintas unidades didácticas.
Metodoloxía empregada
Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado nas diversas actividades propostas a través de situacións de interacción e agrupamentos variados
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporouse o uso das TIC ao proceso de ensino.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Implementouse a coordinación entre o profesorado do grupo de alumnado: de todo o profesorado do nivel, do profesorado de LE co de CLIL.

Outros

Deseñáronse actividades DUA, variadas e adaptadas ás distintas características do alumnado.

### **Descrición:**

NOTA: Con estes exemplos de indicadores valoraremos aspectos como: dificultade e duración das actividades, motivación do alumnado, temporización das unidades, coordinación entre o profesorado, pero, naturalmente, cada mestra/e debe establecer os indicadores de logro que lle permitan avaliar o seu propio proceso de ensino e práctica docente.

Os indicadores deben ir asociados ás correspondentes táboas do nivel de logro de cada un. Entre as diferentes opcións destas, cada mestra/e escollerá as que considere máis oportunas.

Neste apartado "Descrición" explicaremos aspectos como o procedemento para a recollida de información, os momentos nos que se levará a cabo ou o emprego que lles daremos ós datos. Isto é decisión de cada mestre e mestra e, en todo caso, un acordo de claustro.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Paulatinamente, mentres o curso avance e esteamos atentos a cómo evoluciona a situación actual, tenderemos a tratar de incluír aspectos novos no noso día a día atendendo ao avance dos alumnos na materia.

Moitos aspectos influirán nas decisións que tomemos, pois afectará ao seu rendemento tanto o estado físico coma a forma de verse e proceder na propia aula, as limitacións de espazos, medidas hixiénicas, etc.

Por iso cada certo tempo (sen esperar as avaliacións) estudaremos o punto no que esteamos e decidiremos se algunhas prácticas docentes, materiais, metodoloxías, formas de avaliar...deben ser revisadas, eliminadas, engadidas ou sinxelamente variadas en menor ou maior medida.

É importante neste proceso o diálogo co resto dos docentes, tanto en claustros coma no día a día, para poñer en común as nosas impresións, intercambiar ideas, etc.

Terá especial relevancia o material novo que pertenza ao mundo dixital, pois é a tendencia natural á que nos acercamos, máis tendo en conta o momento que vivimos. En referencia a isto será de capital importancia o curso que estamos a realizar estes días na plataforma moodle.

Enténdese que todo proceso levará tempo e contará con cambios as veces imperceptibles, pasando sempre polo consenso entre a dirección e os mestres e, incluso, as veces poderán incluírse novos aspectos que poidan non funcionar na práctica.

Estarase tamén as directrices que se comuniquen dende a xefatura, ben sexa por petición dende o centro ou por decretos ou similares publicados na web da Xunta ou calquera outra vía.

Está claro, pois, que a programación presentada é, en realidade (máis ca nunca) un boceto do que logo haberá que engadir, cambiar e quitar cousas según se vexa se funcionan ou non.

A avaliación é unha parte fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe que permitirá valorar o grao de adquisición dos obxectivos de nivel e de etapa, e o grao de desenvolvemento das competencias clave. Os resultados de avaliar cada unidade didáctica proporcionarán información esencial para a toma de decisións co fin de modificar, de ser o caso, aqueles aspectos do proceso de ensino e aprendizaxe que son susceptibles de mellora (metodoloxía, recursos, tarefas...) e de detectar as dificultades de aprendizaxe, coa consecuente posta en marcha de mecanismos para paliarlas, sempre coa finalidade de que o alumnado acade os obxectivos e desenvolva as competencias.

Neste apartado cada mestra/e decidirá e plasmará os procedementos de seguimento e avaliación a ter en conta e, en consecuencia, fará as propostas de mellora necesarias. Este proceso farase a través da aplicación PROENS e, se é o caso, requirirá da coordinación e o acordo entre o profesorado do centro implicado na área de Lingua Estranxeira.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15004745	CEIP Plurilingüe Anxo da Garda	A Coruña	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Música e danza	6º Pri.	1	35

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	24
4.2. Materiais e recursos didácticos	26
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	27
7.2. Actividades complementarias	28
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	28
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	29
9. Outros apartados	29

## 1. Introducción

A presente PD (Programación Didáctica) está enmarcada no "Decreto 155/2022 polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia" e o seu obxectivo é desenvolver e adaptar á realidade deste centro os preceptos neste recollidos.

Nese senso, neste apartado esta programación remítese en primeira instancia ao reflectido na propia Introducción do Decreto na área e materia de Música e Danza, a cal, como se pode comprobar organizase arredor de dous eixes respectivamente:

- percepción e análise
- creación e interpretación

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente PD está pensada para poder traballar conxuntamente xunto coa outra materia de ámbito artístico deste centro: Educación Plástica e Visual.

Cada unha das UD (Unidades Didácticas) que conforman esta PD está concebida para inculcarlle o alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade e desenvolver as súas capacidades. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación musical ou da danza debe ser potenciada. Daremos especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a música e o corpo como outros medios de expresión e comunicación.

Co comezo deste nivel comeza o derradeiro curso do 3º ciclo de primaria, que procura que o alumnado deste centro mellore significativamente na súa autonomía ao longo deste, especialmente no que a producións artísticas se refire. Así pois, búscase tamén que o alumnado continúe o afianzamento dos contidos traballados no ciclo anterior e no 5º curso, especialmente no 1º trimestre, por un lado, e que experimente unha progresión destes e comece a adquisición doutros novos, polo outro.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas musicais e dancísticas de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Recoñecer os elementos básicos específicos da linguaxe musical, a través da percepción e da análise de diferentes fragmentos e obras, para chegar á comprensión das diferentes manifestacións culturais e artísticas.								2-4
OBX3 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais e dancísticas e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1	4	3		1-2



Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, do corpo e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1			2	1-5	2	1	3-4
OBX5 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas musicais e dancísticas, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1-5	3	3			2	1-3	3-4

### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Escoita o que oes. Como como poco coco	Repaso e ampliación dos principais elementos da música e da linguaxe musical a partir do análise das características do son.	10	3	X		
2	A lenda da Santa Compañía	Tras unha búsqueda de información sobre a lenda da Santa Compañía elaboramos un texto narrativo. Faremos un acompañamento con Orff que gravaremos. Montaremos nun editor a narración dramatizada coa música gravada e procuraremoslle efectos de son ben feitos con material da aula (instrumentos e obxectos sonoros) ben efectos de son de libre uso procurados por internet (son do vento, trono...). A pista resultante emitirémola pola radio do centro.	15	5	X		
3	Entre reises e aninvos	Prepararemos a interpretación dun canto de reis ou aninvo ao xeito como eran a principios do século pasado.	10	3	X		
4	Entroido	Crearemos un texto cómico en verso ao que lle crearemos un acompañamento musical para o cantar e interpretar polo cole no Entroido.	10	4		X	
5	Hai que reciclar	A partir dunha busca por internet faremos acopio de material e construiremos os nosos propios instrumentos, cos que tocaremos un fragmento dunha canción interpretada en grupo cos instrumentos	10	4		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Hai que reciclar	Orff.	10	4		X	
6	Instrumentos en familia. Unha banda no meu ordenador.	Faremos procuras por internet sobre as familias de instrumentos e propostas escénicas que os impliquen. Logo escolleremos un trabalinguas ao que lle comporemos unha melodía empregando o programa de edición de partituras dos equipos edixgal. Farémoslle un acompañamento sinxelo e logo gravaremos as partes analóxicas empregando un software de edición de audio, no que engadiremos algunha pista dixital.	15	5		X	
7	Alfonso X, o Sabio.	A partir dunha breve revisión da música na historia, veremos a música na Idade Media en Galicia (pórtico da Gloria). Interpretaremos a cantiga 166 de Alfonso X que integraremos nun pequeno sainete teatral.	15	6			X
8	Músicas de aquí e de alí	A partir da conmemoración do día das letras galegas, veremos as características da música tradicional galega. Logo faremos unha aproximación a música típica de outros lugares de España, de Europa e, finalmente do mundo enteiro. Por grupos pediremos unha mostra de bailes de diferentes partes que deberán procurar, montar e expoñer ao resto da clase	15	5			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Escoita o que oes. Como como poco coco	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar visual e auditivamente, clasificar, describir e representar elementos da música e da linguaxe musical.	Distingue as calidades do son. Comprende e interpreta as dinámicas de intensidade, recoñece as notas da escala no pentagrama, coñece as figuras de redonra, branca, negra, parella de corcheas e silencio de negra. Comprende a diferenza entre compás cuaternario e ternario.	PE	80

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas musicais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións musicais expostas na aula.	TI	20
CA1.7 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas musicais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Manifesta respecto na recepción de propostas artísticas musicais e mostrando unha actitude positiva.		
CA2.7 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
